

Liceo *Franciscano*

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN



ÍNDICE

<i>Presentación</i>	9
• <i>Historia, arte y patrimonio</i>	
LA VISITA REGIA ESTUDIO DE UNA INSTITUCIÓN DE CONTROL DEL IMPERIO ESPAÑOL SOBRE LA IGLESIA <i>Ana Naseiro Ramudo</i>	13
EL COLEGIO DE LOS IRLANDESES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Y SUS RESIDENTES <i>M^a. Dolores Villaverde Solar</i>	35
ANTONIO DE MEIS (1717-1792) UN ESCRITOR NOIÉS EN LA TIERRA DE BERGANTIÑOS <i>Luis Ángel Bermúdez Fernández</i>	51
• <i>Filosofía y pensamiento</i>	
EL SENTIDO DE LA PROPIEDAD PRIVADA EN LA ENCÍCLICA <i>FRATELLI TUTTI</i> <i>Vidal Rivera Sabatés</i>	73
• <i>Teología y Espiritualidad</i>	
CONVERSIÓN ECOLÓGICA E IGREXA MULTIFORME Á LUZ DO SÍNODO PARA A AMAZONÍA <i>Martín Carbajo Núñez</i>	91

LICEO FRANCISCANO
Núm 219 (Julio-Diciembre 2022), pp. 91-112
ISSN 0211-4011
e-ISSN 2530-917X
D.L. C755-2003

Teología y Espiritualidad

**CONVERSIÓN ECOLÓGICA E IGREXA MULTIFORME
Á LUZ DO SÍNODO PARA A AMAZONÍA**

→ Martín Carbajo Núñez*

* Pontificia Università Antonianum
ISTM, Alfonsianum
FST - University of San Diego (USA)
mcarbajo@sandiego.edu

CONVERSIÓN ECOLÓGICA E IGREXA MULTIFORME Á LUZ DO SÍNODO PARA A AMAZONÍA

RESUMEN:

A partir de los documentos del Sínodo de los obispos para la región Panamazónica y de la exhortación apostólica postsinodal "Querida Amazonia", este artículo estudia la conversión ecológica y el modelo de la Igrexa pluriforme y bien inculturada que el Sínodo propone. De diferentes maneras, todos somos responsables de la crisis socioambiental y, por lo tanto, todos necesitamos conversión. El sínodo propone a Francisco de Asís como ejemplo de esa conversión integral. La segunda parte del artículo analiza los nuevos caminos que el Sínodo indica para que aquella Igrexa tenga un rostro amazónico y sea un pueblo sinodal en el que todos caminan juntos.

Palabras clave: Sínodo, Amazonia, pecado ecológico, Evangelización, Conversión.

ABSTRACT:

Taking into account the documents of the Synod of Bishops for the Pan-Amazon region and the post-synodal exhortation "Querida Amazonia," this article studies the issue of ecological conversion and the model of a pluriform and well-enculturated Church. In different ways, we are all responsible for the current socio-environmental crisis and, therefore, we all need conversion. The synod proposes Francis of Assisi as an example of the integral conversion we all need. The second part of the article analyzes the new paths that the Synod indicates for the Church in that region so that she may have an Amazonian and indigenous face.

Keywords: Synod, Amazonia, ecological sin, Evangelization, Conversion.

Recibido/Received: 27/12/2020

Aceptado/Accepted: 05/07/2022

O Sínodo dos Bispos para a Amazonia, celebrado en Roma do 6 ao 27 outubro 2019, centrouse nunha área xeográfica ben precisa, pero tivo resonancia mundial. En moitos aspectos, a rexión amazónica é o corazón biolóxico deste planeta que nós estamos a destruír en nome do deus diñeiro¹. O noso comportamento irresponsable ha provocado a actual crise socio ambiental e está a poñer en perigo a nosa supervivencia como especie. Neste contexto, o Sínodo pregúntase cales deben ser os “novos camiños para a Igrexa e para unha ecoloxía integral” e que boas novas pode ofrecer a “Igrexa profética e samaritana”².

A Amazonia é un espello do noso mundo: unha quinta parte da auga que bebemos e do osíxeno que respiramos provén daquela rexión. O bioma amazónico é o gran regulador do clima a nivel mundial: fai posible máis do 30% das precipitacións³ e regula os ciclos de enerxía e de dióxido de carbono no ecosistema universal (QA 48). Os seus desafíos son os nosos: non podemos ignoralos, pois apelan á conciencia de cada ser humano⁴. Necesitamos afrontalos cun enfoque non só “verde”, senón holístico, poliédrico, multicolor⁵.

¹ O deus diñeiro está no centro das políticas económico-financeiras do mundo globalizado. FRANCISCO, «Discurso aos representantes da confederación italiana de cooperativas» (28.02.2015), en *L'Osservatore Romano* [OR] (1.03.2015) 8. Faremos nós a tradución ao galego de todos os textos do maxisterio eclesiástico e das fontes franciscanas.

² SÍNODO DOS BISPOS, «Amazonia: Novos camiños para a Igrexa e para unha ecoloxía integral. *Instrumentum laboris*», [S19il], n. 43, na Internet: <http://www.sinodoamazonico.va/> (27.06.2020).

³ FALASCA S., «Dalla *Laudatosi'* alle nostre Amazzonie», en *Il Cantico* 12 (2019) 11-15, aquí 11; CAPUZZI L. - FALASCA S., *Frontiera Amazzonia. Viaggio nel cuore della terra ferita*, Emi, Verona 2019 [Trad. mía]. A Amazonia ten unha extensión de 7,8 millóns de quilómetros cadrados (Australia ten 7,69 km²), distribuídos en oito países: Perú, Brasil, Bolivia, Colombia, Venezuela, Güiana, Güiana Francesa e Surinam. A poboación é de 33,6 millóns, dos cales aproximadamente 2,5 millóns son indíxenas, pertencentes a 390 grupos étnicos con 290 idiomas diferentes. Destes pobos indíxenas, máis de 110 están en illamento voluntario. Cf. S19il 57; FRANCISCO, «Querida Amazonia. Exhortación apostólica post-sinodal» (2.02.2020), [QA], n. 29, LEV, Cidade do Vaticano 2020.

⁴ FRANCISCO, «*Laudato si'*. Carta Encíclica» (24.05.2015), [LS], n. 3, en *Acta Apostolicae Sedis*, [AAS], 107 (2015) 847-945.

⁵ Hai que evitar “un conservacionismo ecolóxico que se preocupa del bioma, pero ignora a los pueblos amazónicos” QA 8; S19il 45.

A partir dos documentos do Sínodo e da exhortación post-sinodal *Querida Amazonia*, este artigo estuda o tema da conversión ecolóxica e o modelo de Igrexa pluriforme e ben incultrada que o Sínodo propón, á vez que convida a asumir “unha espiritualidade mística ao estilo de Francisco de Asís”⁶. A primeira parte presenta a actual crise socio ambiental na rexión amazónica como unha expresión do noso pecado ecolóxico. De diferentes maneiras, todos somos responsables e, por tanto, todos necesitamos conversión. A segunda parte analiza os novos camiños que o Sínodo indica á Igrexa daquela rexión, para que sexa pluriforme, amazónica e indíxena, un pobosinodal no que todos camiñan xuntos. Ofrécense tamén algunhas indicacións do Sínodo sobre a evanxelización e sobre unha nova relación coa terra⁷.

► SITUACIÓN DE PECADO E CHAMADA Á CONVERSIÓN.

A preparación do Sínodo contou coa colaboración de moitas persoas da Amazonia⁸. Realizáronse tamén diversas investigacións sobre os abusos e a explotación desmesurada a que está sometida esa rexión. No ámbito relixioso, constatouse un incremento notable da secularización, que vai unida á idolatría do diñeiro⁹ e ao incremento de “mesianismos alienantes” (*S19il* 32).

94

O mercantilismo e a cultura do descarte son froitos do sistema económico imperante, que subordina a persoa humana ao capital, converténdoa “nunha peza da inmensa máquina produtiva”¹⁰. Isto leva a moitos abusos, tales como o tráfico de seres humanos e de estupefacientes, á explotación sexual (QA 10) e á violencia contra as mulleres¹¹, ao alcoholismo e á persecución de líderes e activistas, que a miúdo son vítimas de grupos armados ilegais e incontrolados.

⁶ SÍNODO DOS BISPOS, «Amazonia: Novos camiños para a Igrexa e para unha ecoloxía integral. Documento final», [*S19df*], n. 17, na Internet: <http://www.sinodoamazonico.va/> (27.06.2020)

⁷ Versión orixinal deste artigo en lingua italiana: CARBAJO NÚÑEZ M., «Conversion ecologica e Chiesa pluriforme alla luce del Sinodo sull'Amazzonia», en *StudiaMoralia* 58/1 (2020) 41-63.

⁸ Unhas 87.000 persoas participaron no proceso de consulta, 65.000 nas tarefas preparatorias e 22.000 nas asembleas e grupos de debate. Tamén participaron o 90% dos bispos e vigairos da rexión.

⁹ FRANCISCO, «*Evangelii gaudium*. Exhortación apostólica» (24.11.2013), [EG], n. 54-55, en AAS 105 (2013) 1019-1137.

¹⁰ Xoán Paulo II, «Discurso no encontro coas comunidades indíxenas» (Izamal, 11.08.1993), en *Insegnamenti di Francesco*, [InsFco], XVI/2, LEV, Roma 1993, 423-431, aquí 427.

¹¹ “En algunas regiones de la Amazonia, el 90% de los indígenas asesinados en las poblaciones aisladas han sido mujeres”. *S19il* 60. O número de mártires na Amazonia é alarmante. Só entre 2003 e 2017, foron asasinados 1.119 indíxenas en Brasil por defender os seus territorios. *S19il* 145.